



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/7	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de marzo de 2023
Duración	Desde as 20:33 ata as 20:53 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	ROCÍO LÓPEZ GARCÍA
Secretario	ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	NON
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	NON
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	NON
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





Concello de Lourenzá

Escusas de asistencia presentadas:

1. ANTONIO REGO REY:
«Motivos persoais»
1. EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA:
«Motivos persoais»
1. ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ:
«Motivos persoais»
1. SONIA GAVINO REIGOSA:
«Motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 17/11/2022.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Visto o borrador da acta da sesión anterior, a sesión extraordinaria celebrada o día dezasete de novembro do dous mil vinte e dous (17/11/22) distribuído coa convocatoria e non habendo nada, dito borrador foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión.

Expediente 633/2017. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE 23/11/22 DE ALLANAMIENTO RECURSO CONTENCIOSO INTERPOSTO POR RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA S.A.U. Á TAXA APROVEITAMENTO ESPECIAL DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓN DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Pola Sra. Alcaldesa dase conta da Resolución da Alcaldía de data 23/11/22 relativa ao Recurso Contencioso Administrativo interposto pola Red Eléctrica de España SAU, contra a Ordenanza Fiscal da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, que era necesario hallanarse ao recursxo e non se podía esperar á celebración do Pleno.

O Pleno Municipal en votación ordinaria, por unanimidade ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 23/11/23 que se transcribe: "O Concello de Lourenzá e a Exma. Deputación Provincial de Lugo





Concello de Lourenzá

asinaron un Convenio de Cooperación para a elaboración e aprobación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. En cumprimento do citado acordo, a administración provincial achegou a este municipio o estudo económico-financeiro relativo á ordenanza, o inventario das liñas eléctricas e gasodutos existentes no municipio, o texto da ordenanza e unha guía para a súa tramitación e aprobación.

Este municipio, en cumprimento do convenio, e seguindo as instrucións da Excm. Deputación Provincial de Lugo tramitou e aprobou a ordenanza fiscal segundo o texto achegado pola administración provincial.

Por Red Eléctrica de España, SAU interpúxose recurso contencioso-administrativo contra a citada ordenanza fiscal. En dito escrito formulando demanda se alegan, resumidamente, os seguintes motivos de impugnación:

1º.- Falta do acordo municipal de imposición da Taxa.

2º.- Vulneración do principio de igualdade.

3º.- Forma de cuantificación da taxa.

4º.- O informe económico-financeiro non foi realizado por funcionarios. Respecto á falla do acordo municipal de imposición da taxa é de destacar a seguinte doutrina xurisprudencial:

Sentencia del Tribunal Supremo (Sala de lo contencioso-administrativo, Sección segunda) de 10 de xullo de 2001:

Pero es más, aunque la Ordenanza fiscal se hubiera aprobado correctamente, sería nula por no existir el acto de imposición, que como hemos afirmado es requisito jurídico «sine qua non» para la aprobación de la Ordenanza, pues en la Hacienda Local no puede existir una Ordenanza Fiscal sin el previo establecimiento del tributo (por supuesto, potestativo, que era el caso del Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos en el municipio de Munguía).

La Sala concluye: Primero.- No hubo acto de imposición en 1986. Segundo.- Tampoco existió acto de imposición en 1981. Tercero.- En el período 1981 a 1989, que es el que interesa, no hubo expresa y formalmente establecimiento (acto de imposición) del nuevo Impuesto sobre Incremento del Valor de los Terrenos. Cuarto.- La Ordenanza, aparentemente aprobada en 1981, era inexistente. Quinto.- La modificación de la Ordenanza en 1986 se hizo sobre una Ordenanza de 1981 inexistente. Sexto.- Aunque la modificación de la Ordenanza de 1986, que se hizo formalmente de modo correcto, reproduciendo el texto íntegro de la Ordenanza anterior, pudiera entenderse que implicaba la aprobación de toda ella, ésta era nula de pleno





Concello de Lourenzá

derecho, por carecer del soporte lógico y previo del acto de imposición. Séptimo.- La liquidación impugnada que se practicó al amparo de la Ordenanza Fiscal de 1986, referida, era nula”.

Sentencia de 12 de xuño de 2020 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana:

“Es evidente que los actos de imposición y la aprobación de la Ordenanza fiscal correspondiente al ICIO son diferentes pero de inexcusable cumplimiento, siendo previo el acuerdo de imposición al de ordenación sin que la aprobación de la ordenanza excuse de dictar el acto de imposición. No cabe la intención tácita de aprobar el impuesto sino que tal establecimiento requiere ineludiblemente un acuerdo expreso. Aun cuando la Ordenanza fiscal se hubiera aprobado correctamente sería nula por no existir el acto de imposición como requisito "sine qua non" para su validez, aun cuando el tributo en cuestión sea potestativo de acuerdo con los arts. 15.1, 16.1 y 17 del TRLRHL. Así lo ha entendido la Sala en la sentencia 4-4-2014, recaída en el recurso de apelación n.º 144/2012 en congruencia con la sentencia del T.S., entre otras, de 8-11-2001, recurso 5932/1996”.

En consecuencia, independentemente do resto dos motivos de impugnación, podería concorrer o primeiro dos alegados pola mercantil demandante o que necesariamente determina a estimación do recurso con imposición de costas a este concello.

O artigo 395 da Lei de Axuizamento Civil, aplicable supletoriamente ós recursos contencioso-administrativos establece o seguinte en materia de costas:

“1. Si el demandado se allanare a la demanda antes de contestarla, no procederá la imposición de costas salvo que el tribunal, razonándolo debidamente, aprecie mala fe en el demandado.

Se entenderá que, en todo caso, existe mala fe, si antes de presentada la demanda se hubiese formulado al demandado requerimiento fehaciente y justificado de pago, o si se hubiera iniciado procedimiento de mediación o dirigido contra él solicitud de conciliación.

2. Si el allanamiento se produjere tras la contestación a la demanda, se aplicará el apartado 1 del artículo anterior”.

Polo tanto, ante a concorrencia dunha posible causa de nulidade de pleno dereito da ordenanza fiscal alegada polo demandante -que determinaría a estimación do recurso contencioso-administrativo interposto contra a mesma- e coa finalidade de evitar unha condena en costas a este concello, procede acordar allanarse no recurso contencioso-administrativo.

Segundo dispón a letra j) do apartado segundo do artigo 22 da Lei





Concello de Lourenzá

7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local é de competencia plenaria o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria, polo que órgano municipal competente para acordar o allanamento no recurso contencioso-administrativo interposto contra a Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos é o Pleno.

O artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ó enumerar as competencias da Alcaldía nos eu apartado 22 establece: "22. Ejercitar acciones judiciales y administrativas en caso de urgencia, dando cuenta al Pleno en la primera sesión que celebre".

Segundo comunicación da Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial de Lugo -entidade á que se lle ten encomendado a defensa e representación no recurso que nos ocupa- o prazo para contestar a la demanda finaliza o próximo día 26 de decembro de 2022.

A próxima sesión plenaria ordinaria celebrarase o día 20 de xaneiro de 2023, é dicir, unha vez finalizado o prazo para contestar á demanda, polo tanto, a adopción do acordo en dita sesión plenaria determinaríase que xa tivérase contestado á demanda e, en consecuencia, o allanamento podería supor a condena en costas a este concello.

Coa finalidade de evitar a citada condena en costas, razón de urxencia motivada pola circunstancia de que o pleno do concello de Lourenzá non celebrará sesión ordinaria ata o próximo día 20 de xaneiro de 2023,

ACORDO:
Primeiro.-Allanarse no recurso contencioso-administrativo interposto por Red Eléctrica de España, SAU contra a ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos, en base a que non se adoptou o simultáneo acordo de imposición do tributo.

Segundo.-Dar traslado do presente Decreto á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial de Lugo, ós efectos correspondentes.

Terceiro.-A presente resolución quedará suxeita á ratificación do Pleno da corporación municipal en sesión que terá lugar o próximo día 20 de xaneiro do 2023.

Cuarto. Derogar en pleno a Ordenanza, e requirir ós servizos económicos do Concello para que procedan ó reaxuste do expediente.

Mando e asino a presente resolución en Lourenzá a vinte e tres de novembro do dous mil vinte e dous.





Concello de Lourenzá

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN NO PLENO DE D. IVÁN TRIGO DÍAZ EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL E MEDIOAMBIENTA SAN PEDRO FIZ DE A CAZOLGA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Sra. Alcadesa da conta da demanda da Asociación Sociocultural e Medioambiental San Pedro Fiz de A Cazolga, representada por D. IVÁN TRIGO DÍAZ con D.N.I. ****4510D relativa a estrada provincial LU-P2804 que conecta A Cazolga coa N-634, que aínda que ten un bo firme, presenta problemas de circulación pola súa estreitez, máxime co aumento de tráfico nos últimos anos e que resulta un perigo para a circulación e solicita a súa intervención no Pleno Municipal para explicar esta proposta.

Procédese a votar a urxencia deste asunto para incluílo no Pleno a cal é aprobada por unanimidade.

A Sra. Alcadesa expón que o Regulamento de Parcipación Cidadá, permite, sempre baixo demanda que os interesados poidan facer uso da palabra, así que cédolle a palabra o representante da Asociación da Cazolga.

O Sr. Trigo Díaz expón que todos teñen o escrito presentado, que todos coñecen A Cazolga que é un entorno natural precioso e que nos últimos anos a estrada deteriorouse moito, aínda que o firme está ben presenta problemas polo aumento da circulación de camións, servicios, etc e é unha vía que quedou absoleta, costa orillar e supón un gran perigo.

Di que se dirixe á Corporación para buscar un compromiso firme de todos para facer chegar á Deputación e que se atenda a petición, que non queren unha autovía ou unha autopista o que queren é unha vía segura.

Toma a palabra a Sra. Alcadesa e di que en canto ao tema de podar xa o comunicaron a Deputación e de momento non fixeron nada.

En canto ao arranxo da estrada o mellor sería mandar un escrito conxunto da Asociación e todos o grupos políticos para que envíen técnicos que estudien a posible solución que hai.

Por parte da Sra. Vázquez Aval do B.N.G e o Sr. Rodríguez Barrera do P.P. din que están de acordo.

Polo que o Pleno Municipal en votación ordinaria, por unanimidade, **ACORDAN:**

Redactar un escrito en conxunto por parte dos Portavoces dos grupos municipais que forman o Pleno da Corporación, dirixido ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo, para que a maior brevidade posible envíen os técnicos pertinentes e estudien a viabilidade de arranxo da estrada LU-2804.





Concello de Lourenz

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIONS LIBRES

PREGUNTA BNG: TRANSPORTE

Aurea M Vzquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporacin Municipal de Lourenz, ao abeiro da lexislacin vixente.
EXPN:

Chegounos informacin sobor o problema que tenen 16 rapaces e rapazas deste concello que cursan BAC no IES San Rosendo e non tenen dereito a transporte polo que parece.

PREGUNTA:

Conecan vostedes esta situacin?

Existira a posibilidade de que, por medio do Concello solventrase, ben ponndolles un transporte ou instando a algunha outra institucin que poidera facerse cargo deste desprazamento en beneficio das vecinas e vecinos?

Tal feito, a maiores, supora un beneficio medioambiental xa que supora o desprazamento dun so vehculo fronte s 16 vehculos que a coto se mobilizan para acercar a cada estudante ata o instituto. A Sra. Alcadesa resposta que dende que se trasladou o probolema ao Concello, houbo varias reunins e o Concello financia o 50% e os pais o outro 50%.

PREGUNTA BNG SOBRE DEFICIENCIAS EN MUINO DO FRADE

Aurea M Vzquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporacin Municipal de Lourenz, ao abeiro da lexislacin vixente.
EXPN:

Sobor o escrito presentado no Concello por Jos M Fernndez Anda sobre as deficiencias no lugar do Muino do Frade, o lado da piscina municipal.





Concello de Lourenzá

PREGUNTA:

Solucionáronse tales deficiencias e de non ser así, vanse solucionar?
A Sra. Alcadesa resposta que en canto ao contenedor xa está arranxado e en canto á farola está pendente de buscar unha solución.

ROGOS PLENO P.P. 20230314

O Grupo Municipal Popular no concello de Lourenzá de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno os seguintes rogos:

Rogamos limpen a pintada da estatua dos peregrinos que hai á entrada da vila

Rogamos reparen e arranxen as fontes de Alaxe en San Xurxo e a do Cura en Santo Tomé.

Xa hai moito tempo preguntamos polos farois que faltan na Avd. De Mondoñedo, rogamos volvan colocalas como dixeron.

Rogamos tapen as fochancas da Avd. Calvo Sotelo diante da Parafarmacia Conde Santo e o da rúa Fernández del Riego diante do Aliprox.

Rogamos volvan pegar as pedras levantadas nas diferentes beirarrúas da vila.

Rogamos melloren o alumeado público, como xa lles solicitaron os veciños, no cruce dos lugares de Susbarras e Carballal e no barrio de Recemil.

PREGUNTAS PLENO P.P. 20230316

O Grupo Municipal Popular no concello de Lourenzá de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno as seguintes preguntas:

En que estado está a motobomba do concello?

A Sra. Alcadesa resposta que actualmente non está operativa, que está pendente de encontrar unha bomba que a maquinaria é moi antiga e son difíciles de encontrar as pezas.

Dende a instalación do novo alumeado no campo de fútbol





Concello de Lourenzá

danouse parte da drenaxe, que medidas sen van tomar?.

A Sra. Alcaldesa, di que o problema é sobre todo nun dos lados, e que se acordou coa directiva limpiar os tubos de drenaxe pero esperar a que veña o bo tempo porque senón agravaríase o problema

Na praza Julia Minguillón hai uns contedores do lixo soterrados, nun estado lamentable dende fai anos. Porque non se reparan?.

A Sra. Alcalde di que os contedores soterrados están dando a lata que xa se eliminaron outros e que é probable que estes se elimine tamén e se coloquen outros de outras características.

A casa de Lozano presenta un estado lamentable, igual que cada vez máis edificios no pobo, e ademais representa un perigo para os viandantes. Teñen pensado tomar medidas para evitar problemas maiores?.

Pola Sra. Alcaldesa expónse que o primeiro que hai que facer é poñelo en coñecemento dos propietarios, e que lle costa que hai pouco que estiveron aquí e saben como está a casa e que agarda que tomen as medidas oportunos, senón o Concello ten que actuar.

Segundo a información que chegou a este grupo, o Concello de Lourenzá foi requirido pola Xunta de Galicia, respecto ó mal funcionamento do punto limpo. Que teñen que dicir e que pensan facer ó respecto?.

A Sra. Alcaldesa dí que houbo unha inspección da Policía Autonómica igual que hai outras no albergue, no Centro Médico..., fixeron unha serie de requerimentos e observacións de carácter leve que temos que subsanar, non foi nada fora do normal.

A día 08/03/2023 hai no Concello de Lourenzá 28 horas de axuda no fogar en suspensión, en cambio temos 9 expedientes resoltos a favor de persoas que necesitan ditas horas, e non teñen ningunha asignada. Que explicación poden dar?.

A Sra Alcaldesa comenta que hai que puntualizar dúas cousas, agora hai 7 en espera, di que teñen solicitado horas á Xunta, e esas horas de suspensión correspóndelle a un usuario que se deu de baixa puntualmente e non se reasignan a outro usuario porque cando volva o que se deu de baixa hai que sacarllas.

No lugar de Carballedo van cambiar uns colectores do lixo





Concello de Lourenzá

de sitio, cal vai ser a nova localización dos mesmos e porque os cambian despois de facer a obra que se fixo?.

A Sra. Alcaldesa di que tiveron unha petición dunha persoa interesada en que se reubicara, que o tiña fronte a súa vivenda, sempre e cando non perxudique a naide, pódese estudar.

O Sr. Rodríguez Barrera pregunta si saben donde, ao que resposta a Sra. Alcaldesa que pensan que donde estaba a marquesina e que se trata de chegar a un acordo e que se perxudique o menos posible.

No lugar de Carballal, e noutros moitos, hai fincas botadas a bravo preto das casas, co perigo que iso supón en caso de incendio, teñen pensado facer algo?.

A Sra. Alcaldesa resposta que hai fincas que non cumpren a Lei de incendios e que o Concello tramita todas as solicitudes de cumprimento, notifícanse aos interesados dúas veces e a verdade que nalgúns casos hai un bo comportamento e unha boa práctica, favorable dende o primeiro momento e hai outros que non e hai que estar máis encima, incluso trasladalo a Medio Rural, pero segue sendo unha problemática, aínda que cada vez a mais xente que se conciencia e actúa de primeira man.

Unha das pistas que dá acceso a canteira de Recemil e pola que tamén se sae a N-634, ten feitos uns cortes polos que non pode circular un vehículo normal,quen fixo ditos cortes e porque?.

A Sra. Alcaldesa comenta que dende o Concello non se fixeron, que é unha vía que baixa moita auga e é certo que os cortes son considerable. Agora coa pala pódese arranxar.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

